



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade coas Bases que regulan o proceso de selección de *persoal laboral temporal ao abeiro da subvención concedida polo PLAN CONCELLOS 2021 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS*, aprobadas por Decreto de Alcaldía núm. 2021-0043 de 10 de febreiro de 2021 e, en relación coa base sétima na que se regula o Tribunal de selección,

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

RESOLVO

Primeiro.- Nomear como membros do Tribunal para a selección dos postos de: ***peóns forestais e peóns de obras públicas***, ás seguintes persoas

PRESIDENTA: Rosa María Cortés Redondo

VOGAIS:

Ramona Giráldez Carballo

M.^a Esperanza Goyanes López

Manuel Gándara Souto

SECRETARIA: Concepción Eulalia Solano De Eyto

Segundo.- Comunicar esta resolución ós nomeados anteriormente que poderán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar para o día 12 de marzo ás 9:00 horas.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou das persoas en quen deleguen.

O mandou e asina o Sr. Alcalde-Presidente, Don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, ante min, a Secretaria-Interventora, D.^a Rosa María Cortés Redondo, nas Neves, na data sinalada no marxe deste documento, asinado electronicamente.

